



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal na Infancia e na Adolescencia	Código	653G01207	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdeFisioterapiaMedicina			
Coordinación	Viana Moldes, Ines	Correo electrónico	ines.viana@udc.es	
Profesorado	Pousada Garcia, Thais Viana Moldes, Ines	Correo electrónico	thais.pousada.garcia@udc.es ines.viana@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia ten como obxectivo achegar ao alumno/a ao proceso de intervención de Terapia Ocupacional, no neno e no adolescente, proporcionando para iso os principios teóricos e filosóficos que sosteñen e fundamentan a práctica profesional do terapeuta ocupacional neste ámbito.</p> <p>Descritor:</p> <p>Fundamentos da promoción da autonomía persoal e valoración da dependencia nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou produtos de apoio. Análise da ocupación en Terapia Ocupacional e a súa utilización terapéutica. Terapia Ocupacional para a integración do neno e do adolescente. Aplicación da actividade ocupacional.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Promover a autonomía persoal e valorar a dependencia do usuario nas áreas de desempeño ocupacional (Actividades da Vida Diaria, Actividades Instrumentais da Vida Diaria, Traballo Educación, Ocio e Tempo libre e participación social), baseándose nos seus diferentes contextos (físico, cultural, social, persoal, virtual, espiritual). En definitiva, coñecementos e capacidade para aplicar a teoría e a práctica de Terapia Ocupacional.	A9 A10	B3 B9	C8
Manter e mellorar a calidade de vida dos usuarios	A15 A20 A24	B9	C7
Desenvolver coñecemento e capacidade para aplicar as ocupacións terapéuticamente e coñecemento e capacidade para aplicar as Actividades da Vida Diaria terapéuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional.	A1 A3 A6 A9 A11 A13 A14 A23	B19 B24	C4
Capacidade para identificar e anticipar situacións de risco en infantes e adolescentes con posibilidade de presentar disfunción ocupacional debido ás condicións contextuais.	A20 A29	B3 B9	C7



Intervir en infantes e adolescentes coas patoloxías incidentes nesa etapa vital que ocasionan unha mingua do seu desempeño ocupacional e, polo tanto, da autonomía persoal..	A7 A8 A17 A18 A19 A29	B3 B9 B24	C7
Adquirir destrezas na implementación do programa terapéutico personalizado (segundo o usuario, en función da súa historia persoal, da patoloxía que presenta e do período evolutivo desta). E adquirir a capacidade de establecer unha relación terapéutica apropiada aos diferentes momentos do ciclo vital da persoa.	A10 A16	B4 B9 B36	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Marco conceptual: Contextualización e razoamento introdutorio desde Terapia Ocupacional ó ciclo vital (Tema transversal do nivel intermedio do Título. Impartido pola Profa. Inés Viana Moldes)	1.1 Análise das necesidades de saúde e benestar 1.2 Análise das principais ocupacións no adulto 1.3 Análise dos recursos comunitarios 1.4 Análise dos medios de comunicación e valores
Tema 2.- Calidade de vida (Tema transversal do nivel intermedio do Título. Impartido pola Profa. Adriana Ávila Álvarez)	2.1 Aproximación desde Terapia Ocupacional 2.2 Historia de vida
Tema 3.- Autores de referencia en Terapia Ocupacional: Infancia e Adolescencia	3.1 Comprensión do desenvolvemento teórico 3.2 Análisis y reflexión de los contextos históricos y socioculturales
Tema 4.-Rede de servizos: recursos existentes (ou por desenvolver) para a infancia e a adolescencia	4.1 Características e enfoques dos diferentes dispositivos 4.2 Lexislación que afecta ó servizo e á súa práctica 4.3 Habilidades, funcións e rol do terapeuta ocupacional 4.4 Relación co equipo interdisciplinar 4.5 Perfil dos usuarios



<p>Tema 5.- Proceso de Terapia Ocupacional na infancia e adolescencia: Autonomía persoal e Participación Social (Tema transversal do nivel intermedio do título. Impartido pola *Profa. Nereida Canosa Domínguez e **Profa. Thais Pousada García)</p>	<p>5.1 Derivación 5.2 Screening e valoración inicial 5.3 Modelos de Práctica de Terapia Ocupacional aplicados ao eido da infancia e adolescencia: Modelo Canadiense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo de adaptación a través da ocupación, Modelo Cognitivo Perceptual. Marco de Traballo para a Práctica de Terapia Ocupacional: Dominio e Proceso; Integración sensorial* 5.4 Avaliación ocupacional: usuarios, institucións e poboacións 5.5 Avaliación dos contornos significativos: domicilio centro de formación, centro laboral, centro de ocio e tempo libre y demais recursos comunitarios 5.6 Planificación de metas e obxectivos coa persoa e coordinación co equipo interdisciplinar 5.7 Intervención desde Terapia Ocupacional. Consenso co usuario/familia/profesionais, tendo en consideración os contornos significativos, as características e as prioridades do usuario, así como as patoloxías de maior incidencia que poden causar disfunción ocupacional (parálise cerebral; parálise braquial obstétrica; síndromes principais; discapacidades sensoriais; trastornos do desenvolvemento; trastornos alimentares; trastornos da conducta; trastornos do estado de ánimo; trastornos da ansiedade; drogodependencias) 5.8 Os produtos de apoio: factores ambientais que actúan como facilitadores/barreiras de participación en ocupacións da infancia e adolescencia** 5.9 Asesoría de terapia ocupacional cos infantes e adolescentes: demais profesionais, familiares, amigos e outros. 5.10 Planificación da alta, seguimento e derivación</p>
<p>Tema 6.- Deseño, xestión, planificación e avaliación da Calidade do servizo de Terapia Ocupacional: Infancia e Adolescencia</p>	<p>6.1 Dirección de recursos, estudos de custo, administración e coidado dos servizos e equipamentos nos eidos sanitarios e comunitarios (domiciliario, formativo, laboral, entre outros) 6.2 Actualización permanente do profesional</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	30	10	40
Prácticas de laboratorio	50	30	80
Estudo de casos	24	26	50
Saídas de campo	2	15	17
Proba oral	1	15	16
Proba mixta	2	15	17
Atención personalizada	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Prácticas de laboratorio	<p>Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Saídas de campo	<p>Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Proba oral	<p>Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.</p>
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada farase, globalmente, mediante titorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais.
Estudo de casos	O docente responsable da materia estará dispoñible no despacho do centro segundo o horario de titoría, establecido ó inicio da materia.
Saídas de campo	

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
--------------	------------	---------------



Prácticas de laboratorio	Valorarase a capacidade de análise do ámbito e a descrición escrita realizada polo alumno (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), así como a aplicación dos coñecementos teórico-prácticas e a capacidade de síntese.	20
Estudo de casos	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumno (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración de conceptos e a capacidade de resolución de problemas. Para iso, terase en conta a aplicación dos modelos de práctica de terapia ocupacional específicos: Modelo Canadense do Desempeño, Modelo de Ocupación Humana, Modelo do Desempeño Ocupacional, Modelo Kawa, Modelo da adaptación a través da ocupación, Modelo australiano de terapia ocupacional, Modelo do déficit cognitivo, Modelo de habilidades adaptativas, Modelo da saúde a través das actividades	30
Saídas de campo	Valorarase a capacidade de análise do ámbito e a descrición escrita realizada polo alumno (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), así como a aplicación dos coñecementos teórico-prácticas e a capacidade de síntese.	15
Proba mixta	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumno (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), e a integración de conceptos.	25
Proba oral	Valoraranse os coñecementos adquiridos referentes ó contido da materia, as habilidades e destrezas para a práctica da Terapia ocupacional neste ámbito. Así mesmo será avaliada a actitude crítica, a capacidade de razoamento e a argumentación ofrecida nas respostas.	10

Observacións avaliación

O sistema de cualificacións

expresarase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional

Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honor (Graciable).

Para aprobar a materia, o alumno debe entregar todos os traballos, participar no laboratorio e ter unha cualificación mínima de 1.25 puntos na proba mixta e de 0.5 na proba oral. É dicir, só se terán en conta para a cualificación final da materia todas as notas dos traballos de Estudo de Casos, Laboratorios e Saída de campo, se o alumno ten unha puntuación mínima de 1.75 nas probas (suma da proba mixta e proba oral). En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota acadada nas probas e as notas dos demais traballos se terán en conta para a cualificación do alumno na segunda oportunidade (xullo).

Fontes de información

Bibliografía básica

- Galanter y Jensen (2011). DSM-IV. Salud mental en niños y adolescentes. Estudio de casos y guía terapéutica.. Madrid. Ed. Médica Panamericana
- Parham y Fazio (2008). Play in Occupational Therapy for children..
- Polonio, Castellanos, Viana (2008). Terapia Ocupacional en la Infancia. Madrid; Buenos Aires. Ed. Médica Panamericana



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1.- Para axudar a conseguir un contorno inmediato sostible e cumprir co obxectivo estratéxico 9 do "I Plan de Sostibilidade Medio-ambiental Green Campus FCS", os traballos documentais que se realicen nesta materia:

a.- Na súa maioría se solicitarán en formato virtual e soporte informático.

b.- De realizarse en papel:

- Non se empregarán plásticos.
- Realizaranse impresións a dobre cara.
- Empregarase papel reciclado.
- Evitarase a impresión de borradores.

2.- O profesor responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías